



Requirimento de documentación

CONVOCATORIA 2023 DAS AXUDAS AO INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS (PROGRAMA CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA), SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

Mediante Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG nº 185, do 28 de setembro de 2023), publicáronse as bases reguladoras das axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa centros de fabricación avanzada), susceptibles de seren cofinanciadas no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Por parte do órgano instrutor do procedemento administrativo previsto no art. 11 das ditas bases reguladoras, están analizándose as solicitudes presentadas polas persoas solicitantes que se acolleron a esta convocatoria de axudas. Nunha primeira fase de revisión identificáronse varios expedientes que carecen dalgún dos requisitos esixidos nas bases reguladoras, polo que resulta procedente efectuar os oportunos requirimentos de emenda.

O artigo 12.2 das bases reguladoras dispón que de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este requirimento de emenda realizarase mediante publicación na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

En virtude do anterior, dásele publicidade á relación de persoas solicitantes cuxos expedientes deben ser obxecto de emenda segundo se recolle no anexo I.

Teñen un prazo de **10 días naturais** para acceder á Oficina Virtual do Igape (<https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>), utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e acceder ao requirimento individualizado de emenda. Entenderase rexeitado cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición do requirimento sen que accedese ao seu contido.

Establécese un prazo de **10 días hábiles** para achegar, por medios electrónicos, a documentación sinalada, contados a partir do día seguinte ao acceso ao requirimento individualizado, ou desde que se entenda rexeitado polo transcurso de 10 días naturais desde a súa posta a disposición sen que accedese ao seu contido.

No suposto de que non atendan o requirimento no prazo indicado, ou se a emenda resulta incompleta ou defectuosa, teráselles por desistidas na súa petición ás persoas solicitantes e arquivaranse os expedientes, trala correspondente resolución que se ditará nos termos previstos no artigo 21 da devandita Lei 39/2015.

Sinatura:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
Director da Área de Competitividade do Igape	Norberto Penedo Rey	Santiago de Compostela	A indicada na sinatura



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Cofinanciado por
la Unión Europea